


# Cultamira

- 
- *AS ELECCIONS MUNICIPAIS*
  - *A DROGA: un perigoso visco*
  - *O CENTENARIO DE MAGARIÑOS*



**CONCELLO DE BRION**

XUÑO-1987

ANO III

Nº 7



ASERRADERO  
ASTILLADORAS  
MADERAS

LEMA

MARCELINO  
LEMA  
LOBATO

Fábrica y Oficinas:  
Telf. (981) 883034 - Part. 590191  
BASTAVALES - SANTIAGO  
(Coruña - España)

## SUMARIO

Editorial .....	2
Entrevista .....	3-4
Dossier: Eleccións municipais .....	5-6-7
Divulgación: A droga ....	8
Noticieiro .....	9 a 12
Biografía Histórica .....	13
Pasatempos .....	14

### Director:

Juan Ramón Pais Andrade

### Consello de Redacción:

Manuel Vidal Cajuso  
Afrodicio J. Montero Vieites  
Xosé Freire Caamaño  
Xacobe Pérez Paz  
Luciano Pena Andrade  
Xosé Caramés Vázquez  
Dora Mirás Pérez

## EDITORIAL

*Pasaron as terceiras eleccións municipais en democracia, con chuvia. Moito rebumbio na campaña. Ó cabo, os máis vencen, outros son vencidos, e quen gaña é o pobo. Porque el é quen manda para poñer libremente a cada un no seu sitio.*

*Éste é o primeiro comentario que ALTAMIRA ten que facer despóis da resaca do día 10: que é unha bendición poder comprobar que o pobo é o soberano e, ca arma do seu voto, pode poñer ou tirar gobernos. Que este invento da democracia foi un gran invento. Claro que á xente se lle pode enganar ca propaganda, que unha cousa é falar e outra dar trigo. Mais, cando un cidadán introduce un voto nunha urna, de algún xeito, está decidindo o futuro que soña.*

*En segundo lugar, cremos que nestas eleccións houbo moita agresividade; algo é normal que a haxa, tanta foi demasiada. Nin estamos acostumados a isto, nin debemos estar dispostos a permitilo. Cada grupo político debe expoñer-las súas ideas, os seus programas e incluso as súas críticas; ten que convencer de que a súa postura é a mellor e conseguí-los votos. Mais, a unha campaña electoral non se poden levar empenchas persoais nin odios inconcesados. O xogo da política hai que facelo con honestidade e tampouco aquí o fin xustifica os medios, aínda que o fin que se persigue fora sublime.*

*Logo, agora, dunha vez que se acabou o balbordo da campaña, hai que volver a empezar con novas forzas, todos xuntos.*

*Esixirlle ós gañadores que cumpran o que prometeron: que manteñan a súa postura de honradez e transparencia, que estean atentos ás necesidades que vaian xurdindo e que fagan que os veciños participen nas decisións municipais.*

*Pedirille ós menos votados que, pois que optaron ó goberno municipal, traballen con lealdade polo Concello, pois tamén desde a oposición se pode facer labor.*

*E a tódolos que asentamos neste anaco de terra que se chama Brión, noble como as almeas do seu escudo e fermoso como a volvoreta que contornea o seu mapa territorial, concitarnos para que nesta nova ceifa que empeza unámo-las nosas forzas para que o mañá sexa para todos mellor que o hoxe.*



## XOSE VICENTE FERREIROS: o mestre da nosa escola de gaitas

**X**osé Vicente Ferreiros, é o profesor do grupo de gaitas do noso Concello, e pertence ó afamado grupo musical "MILLADOIRO", do que é un membro fundador.

O importante labor que está a facer este conxunto musical pola recopilación e actualización ás novas correntes musicais e difusión do noso folclor, fixoos merecedores do importante premio ó mérito artístico "Pedrón de Ouro".

—Case sempre que un se atopa diante dun artista resulta obrigado a seguinte pregunta. ¿Cómo e cando nace en ti a afición pola música que che leva dende mozo a estudar no Conservatorio ata o grado profesional?

—A afición pola música nace en min dende rapaz. Dende que eu recordo,

aínda que non tiña ningún antecedente familiar relacionado coa música, sempre me sentín atraído por ela, sobre todo pola percusión. Tamén influíu que alí en Catoira, de onde son eu, houbo sempre grupos de gaitas que me chamaban moito a atención de pequeno. Curiosamente o primeiro contacto que teño coa música, non é a gaita, é coa guitarra.

—Fálanos un pouco dos teus primeiros pasos no campo da interpretación musical co grupo tradicional "FAISCAS DO XIABRE" do que tamén foches membro fundador.

—Este grupo comezou en Catoira co compañeiro que toca a gaita conmigo en Milladoiro. A nosa primeira meta foi un concurso de gaita que se facía en Santiago polas festas da Ascensión e no que participaban os mellores grupos de

Galicia. Buscamos dous rapaces que se encarregarán do bombo e do tamboril e así naceu o noso primeiro grupo de "Faiscas do Xiabre".

A primeira vez que nos presentamos foi no ano 1974 e, de entrada, conseguimos o segundo posto. O ano seguinte, que por certo foi o último que se fixo o concurso de gaitas da Ascensión, xa acadamos o primeiro posto. Logo a partir de aí comezaron a chamarnos de tódalas partes de Galicia.

—Na década prodixiosa, como se está a chamar á música dos anos sesenta, xurde dentro do estilo "folk", na área occidental europea, un movemento musical que estaba a rescatar vellos estilos populares de vella tradición celta. ¿Nace o grupo "Milladoiro" a cabalo deste movemento, ou, pola contra, xa viña perfilando o seu estilo musical paralelamente a este movemento?

—Como tí ben dís, neses anos en toda Europa apareceu un auxe do estilo folk que estaba a facer unha recopilación de tódalas músicas populares. En España, por circunstancias políticas, non se poido dar. Ademais, tamén carecíamos dunha ampla infraestrutura de música tradicional para que, a partir de aí, se poidera desenrolar todo un movemento folk en España.

Eso fixo que, despois de coñecer polos discos que chegaban por medio da xente que viaxaba por Europa, todo o movemento musical que se estaba a levar, Galicia e toda España, votase a vista ó que estaba a facer Alan Stivell en Bretaña ou o grupo "Chieptains" en Irlanda.

—A vosa música, aínda recoñecendo nela unha profunda raíz galega, leva un selo persoal e inconfundible do voso grupo. ¿Qué recolle Milladoiro do folclor galego e, pola contra, que aporta o voso grupo a ese folclor?

—Penso que Milladoiro débelle todo o folclor galego. Todos nós somos xente formada na música tradicional galega, e dela nítrese todo noso acervo musical, tanto o recollido voz a voz, coma o recollido dos cancioneiros.

¿Que lle aportamos...? Pois penso que Milladoiro o que fai é unha posta ó día dese pasado musical, unha nova visión que trae como consecuencia que, despois de tantos anos, poida voltar a ser actual coma calquera outro estilo musical moderno.

—Ó carón deste movemento musical xurdiron numerosos festivais musicais (Lorienne en Francia e Ortigueira en Galicia son os máis destacados). ¿Qué importancia tiveron estes festivais para a difusión deste moderno estilo folk?

—Os festivais teñen moita importancia. Cando desperta algunha forza cultural sempre se quere aglutinar mediante unhas xuntanzas para dar a coñecer nun momento determinado un campo artístico sobre o que se está a traballar.

O festival de Lorient, que é o máis antigo, hai que recoñecer que fixo moito polo folk a nivel europeo; está considerado coma a catedral da música celta na actualidade.

A música popular e folk de Galicia, igualmente, débelle moito ó festival de Ortigueira é o seu director, na primeira fase, o mestre Xabier Garrote, que tamén é o director da escola de gaitas de ese pobo.

—Vindes de publicar recentemente o voso último traballo discográfico "Galicia no país das maravillas". ¿Qué novidades aporta, dende o punto de vista musical este último traballo voso?

—Penso que o importante para un grupo é conseguir un sonido definido, de tal xeito que cando a xente o escoita sabe que é de "Milladoiro". Unha vez conquistado ese espazo, hai que ser fiel a ese sonido, evolucionando, por suposto, e tratando de facer algo novo, diferente...

Neste último traballo, introducimos algunhas innovacións, sobre todo a incorporación de voces a cárrago das pandereteiras de "Cantigas e agarimos", que interpretan os números ó estilo tradicional, combinado co noso acompañamento no que se escoitan instrumentos tan pouco tradicionais como pode ser o sintetizador ou a guitarra acústica.

—Cando se atopa un grupo famoso como o voso, enseguida se pensa nunha vida trepidante: viaxes, actuacións, grabacións, entrevistas... etc. ¿Cómo é a vida cotidián do grupo?

—A maior parte do tempo adicámolo a preparar novos temas sen que teñamos prefixado o momento en que imos a sacar un novo traballo. A outra parte do tempo adicámola á preparación dos concertos; a posta en escena do grupo preocúpanos bastante...

Todo este traballo desenrolámolo fundamentalmente no inverno. Polo verán normalmente estamos comprometidos coas actuacións por toda España e o extranxeiro.

—¿Cántas actuacións facedes normalmente ó longo do ano?

—Agora mesmo exactamente non o sei. Penso que arredor de cincuenta.

—Cando un vai ós concertos do grupo Milladoiro, ninguén dubida que sodes o ídolo musical da xuventude galega. ¿Qué sinte un ó depertar tanta

admiración, e de que xeito inflúe no propio comportamento persoal?

—Evidentemente, o que desperta no público a música e as actuacións de Milladoiro van máis alá da música, porque o que escoitan nas nosas interpretacións é tamén un signo de identidade. Cando a xente aplaude nunha actuación, non só está a aplaudir o que ti fas, senón que aplaude tamén algo que lle pertence.

Por outra banda, ó se-lo grupo un refrexo de Galicia, que propiciou que lle outogaran o prestixioso premio "Pedrón de Ouro", que levou moita xente importante como Alvaro Cunqueiro, Méndez Ferrín, Rei de Viana... etc, faiche entrar noutra órbita na que te afianza e te identifica máis co que estás a facer e lévache a traballar cada vez con máis responsabilidade e seriedade.

—As vosas grabacións idelas facer a Dublín, en Irlanda. ¿Cal é o motivo para escoller esa capital?

—A explicación é moi sinxela. En Madrid, onde faciamos antes as grabacións, tiña uns técnicos de sonido que estaban afeitados a grabar determinado tipo de música moderna e, claro, ó chegar nós cunha gaita, un pandeiro, unha zanfona, etc, xurdían problemas á hora de ecualiza-los sonidos, ós que non estaban acostumados, o que supoñía moito esforzo para conseguilo que nós queríamos.

En Dublín, nembregantes, grábase case toda a música folk, e, sobre todo está un gran enxeñeiro de sonido chamado Brian Masterson, que está acostumado a grabar todo este tipo de música.

—O grupo Milladoiro pasou, ó longo da súa pequena historia, por distintas fases; explicanos un pouco as distintas etapas de formación deste gran grupo.

—Cando nós empezamos co grupo de "Faiscas co Xiabre", buligaba na nosa cabeza a idea de facer unha música coma a que escoitabamos nos discos que nos chegaban de fóra; o que non sabíamos era coma chegar a ela. Nunha actuación do noso grupo en Padrón, atopamos con Antón Seoane e Rodrigo Romani e, falando, descubrimos que nas súas cabezas bulían as mesmas ideas que tiñan moitos puntos de coincidencia co que nós estábamos a pensar.

Facendo recitais en común, un día, nunha cea, tamén en Padrón, decidimos forma-lo grupo, incorporando unha flauta e un violín. Para a flauta non houbo problema, pois eles mesmos coñecían a un, que é o que está no grupo. O violín tiña máis problema, pois en Galicia era un instrumento que a penas se practicaba.

Coincidiu que por aquela época

chegou de Uruguay, Laura Quintanilla, unha gran profesional deste instrumento e falámoslle de formar parte do grupo. Parecelle ben e así comezamos a da-lo noso primeiro recital na Coruña, hai nove anos, no Colexio dos Maristas.

Por motivos profesionais, Laura deixou o grupo e entrou a formar parte Michel, que é o que sigue hoxe con nós.

—A nivel internacional España está de moda. Dende o punto de vista musical Galicia, netes últimos anos, tamén se puxo de moda. ¿A qué cres é debido este despertar musical de Galicia con tantos grupos importantes: Resentidos, Ilegales, Golpes Bajos, Siniestro Total, Milladoiro...?

—Galicia é unha Comunidade que estivo aillada durante moito tempo, e para o resto de España viña a ser algo así como un lugar lonxano, pintoresco, curioso, onde chovo moito e hai bo marisco...

Dun tempo a esta parte estase a descubrir Galicia coma un país dinámico e moi creativo. Xurde así o éxito de Galicia na moda, na literatura —o último Premio Nacional de Literatura foi para Alfredo Conde— no cine —ultimamente estanse a facer numerosas películas en Galicia— e, por suposto, na música, coma ti ben dixeches.

—Dende o ano 1985, estás a levar no Concello de Brión un labor de profesor de gaita. ¿Cómo te atopas nesta faceta?

—A min atráeme moito o ensino. Cando me comprometín a vir a Brión, xa levaba tempo pensando na idea de crear novas xeneracións de xente que soubese toca-la gaita.

Antes en Galicia non había profesores de gaita e cada un tiña que aprender pola súa conta, polo que todo era un pouco anárquico. Agora non; xa hai bastantes mestres e xa hai criterios algo unificados.

—Fálanos un pouco do grupo de gaitas de Brión.

—Agora mesmo temos un grupo de oito gaitas e tres na percusión. Hai outros que aínda están coa flauta para logo pasar a toca-la gaita. Se sigue así a cousa penso que para o ano que ven poidamos contar con tres ou catro gaitas máis.


De tódolos xeitos, o número non é o que me preocupa. O que quero é que, se algunha vez hai un grupo de gaitas que chegue a actuar a algún sitio, poida ir coa cabeza moi alta. Isa é a miña pretensión, e coido que o Concello ten a mesma.

—Moitas gracias polas túas respostas.

—A vostedes.

## As eleccións municipais de Brión

- Nova victoria da Candidatura Galega Independente
- Rechazo xeral ós conatos de agresións



A DEMOCRACIA, DESPOIS DE DEZ ANOS, PARECE CONSOLIDADA DEFINITIVAMENTE NO NOSO PAIS. O DEREITO QUE TEÑEN TODOLOS CIDADANS A ELIXI-LOS SEUS GOBERNANTES A TODOLOS NIVEIS: NACIONAL, AUTONOMICO E MUNICIPAL, ESIXE CERTAS SERVIZUDMES E AS VECES, CERTAS INCOMODIDADES. AS FRECUENTES CONVOCATORIAS AS URNAS QUE NESTES ULTIMOS ANOS SE LEVARON A CABO NO NOSO CONCELLO, CREOU XA CERTO GRADO DE COSTUME NA XENTE PARA SOBREVIVIR SEN SOBRESALTOS E CON TRANQUILIDADE TODO O BOMBARDEO DE "SLOGANS", PROGRAMAS, PROMESAS, CRITICAS O TRAVESO DE TODOLOS MEDIOS DE COMUNICACION.

**A**xornada electoral do pasado día 10 de xuño no noso concello deixou perfectamente definido que clase de goberno municipal quere o electorado e quen quere que o governe.

A novidade foi a coincidencia no mesmo día das eleccións municipais coas do Parlamento Europeo. Mais, estas pasaron caseque inadvertidas pola falla de estímulos ante a forte presión das municipais (nin os electores tiñan unha idea clara de que se votaba nin os partidos fixeron gran cousa por aclaralo, pois a única propaganda específica das eleccións europeas no noso concello foi a do PNG).

Nestas eleccións ó Parlamento Europeo, en Brión, resultou un claro vencedor: Alianza Popular, con 978 votos, que caseque dobrou os resultados do PSOE, que obtivo 533; seguíunos o CDS con 467. AP gañou con vantaxe en 6 das 8 mesas e o PSOE, como é tradicional, gañou en Luaña en Ons.

A proba do pouco interese que suscitaron as europeas e do despiste xeralizado con que se produciron é que só unha das 33 opcións que se presentaban non levou ningún voto no noso Concello e houbo 900 votantes que acudiron ás urnas das municipais e pasaron das europeas.

Imos, logo, desmiuzar dentro do posible o tema das eleccións municipais atendendo a cinco apartados: candidatos, programas, campaña electoral, resultados e balance final.

### OS CANDIDATOS

**P**or número de habitantes — 7.044—, a Brión correspóndelle 13 concellais. Nestas eleccións comparecen tres grupos: Candidatura Galega Independente e Alianza Popular, que se enfrentaban por terceira vez desde 1979, e Centro Democrático e Social, novo na praza.

Os independentes levaron unha lista de candidatos pouco renovada respecto das anteriores eleccións do 83 (só 4 nomes novos nun total de 16), e como é o seu costume, repartían os postos na lista por parroquias. AP, en cambio, non conservou ningún nome da candidatura de 1983; os seus candidatos procedían de cinco parroquias. O CDS non puxo candidatos máis que de Brión, Os Anxeles e Bastavales.

Dábase tamén a circunstancia de que, dos cabezas de lista, só o dos independentes era natural de Brión.

## OS PROGRAMAS

**O** analiza-los programas impresos que repartiu cada grupo e mai-lo que foron prometendo nas súas charlas, podemos dicir, en liñas xerais, que o programa dos independentes era pouco concreto, o de AP irrealizable e o do CDS nada orixinal.

Os independentes —por seren unha agrupación que só se presentaba no noso concello— fixeron unha propaganda específica para Brión e, en xeral, o seu aparato propagandístico foi digno e ben coidado. Os carteis, pegatinas e programas de man tiñan boa presentación e mesmo a mensaxe sonora que espallaron polas aldeas estaba ben elaborada. Foi o seu lema: "para seguir mellorando", que resumiu a súa campaña. Transmitiron unha mensaxe de feitos e as súas promesas ían na liña de continuaren a súa actuación anterior. Cousas concretas prometeron poucas: un viveiro de árbores, unha biblioteca municipal, sinalización de pistas e lugares, creación dun equipo de análise clínicos no Centro de Saúde, e pouco máis. O

demáis foron declaracións de intencións (facer un goberno participativo, distribución equitativa dos presupostos municipais, facer política solidaria con Galicia, etc.) e un repaso ós distintos aspectos da súa xestión de oito anos.

Os aliancistas, en cambio, prometeron moito: estradas, escolas, teléfonos, traídas de auga, regadíos, polideportivos, xeradores eléctricos, centros para terceira idade, centro de formación profesional..., e incluso 200 postos de traballo. Así é que seu programa se fixo pouco creíble por exceso. Ás veces foi disparatado, coma no caso das dúas escolas de párvulos que prometían ubicar na zona alta, cando as existentes se mal ven cada ano para atoparen matrícula suficiente, ou no dos

**O servizo gratuito de autobuses polas parroquias contribúe a facilitar a participación dos veciños nas eleccións**



regadíos, que ninguén cre realizable. Puxeron moito énfase na modificación das normas urbanísticas existentes no Concello e prometeron liberaliza-las construcións.

Deciamos que o programa do CDS nos pareceu pouco orixinal. Estaba ben estruturado, abarcando os distintos aspectos da vida municipal (administrativo, obras, educación, social e deportivo), mais nel pouco máis vimos que crítica da xestión dos anteriores e vagas promesas de faceren as cousas mellor, pois o novedoso en canto a cousas concretas reduciuse á creación dun departamento de reclamacións, construción dun patio cuberto e sala de actos no Grupo Escolar, clases para graduado escolar, transporte para párvulos e adquisición

### COMPOSICION DA NOVA CORPORACION MUNICIPAL

#### CANDIDATURA GALEGA INDEPENDENTE

José Luís García García  
Leopoldo Agapito Bouzas Gómez  
Ramón Rodríguez Romarís  
Jesús Serramito Vázquez  
José Esparís Barbazán  
José Pedro Cambón Fernández  
Jesús Fraga Iglesias  
Manuel País Bargo  
Manuel Ramón Vázquez Buyo  
Manuel Gendra Picallo

#### ALIANZA POPULAR

Juan Herminio Vilouta Casais  
José Carlos Duro Jorge

#### CENTRO DEMOCRATICO E SOCIAL

Antonio Baños García

Os Anxeles  
Luaña  
Bastavales  
Os Anxeles  
Viceso  
Ons  
Brión  
Cornanda  
Boullón  
Bastavales

Os Anxeles  
Brión

Brión

dunha ambulancia. O mesmo que AP, prometeron modificalas normas urbanísticas.

Só os independentes imprimiron a súa propaganda en galego.

## A CAMPAÑA

**A** campaña electoral destas municipais quedará no recordo como a da agresividade. Aquí houbo de todo: críticas despiadadas, calumnias, intentos de agresión, reparto de papeletas dunha determinada formación facendo crer que eran doutra e mesmo intentalo consentemento de candidatos para unha lista dicíndolle que era para a contraria, intención de confundir ó electorado anunciando debates entre os candidatos en hora fixada sen tratar antes cos interesados, etc.

A palma do xogo suxo correspondeulle ós de AP. Toda a campaña, e incluso o día de reflexión, estiveron repartindo pasquins sen sinatura, pero mesturados coa súa propaganda, insultantes e calumniosos contra os independentes. Logo, o día das eleccións, despregaron unha presión tan escandalosa sobre as mesas electorais e os electores, que pouco faltou para que os seus apoderados foran agredidos polos veciños.

Sen embargo, quédanos o consolo de que este clima de violencia non foi seguido nin aprobado polo vecindario e atrevémonos a dicir que os resultados das eleccións están en relación inversa da violencia desatada polas distintas opcións.

## OS RESULTADOS

Nos gráficos que se inclúen nestas páxinas áchase a información pormiudada destas eleccións municipais.

O trunfo foi claro para os independentes, que, co 76 por cento dos votos, poñen 10 concellais. A Alianza Popular correspóndenlle dous concellais e ó Centro Democrático e Social, un.

Se ben a CGI gañou en tódalas mesas, a súa maior victoria arrecadárona nas parroquias de arriba, nas que lle sacaron ós contrarios o 90% dos votos. A maior porcentaxe de votos obtivérona na mesa de Ons (93,75%), e a menor en Brión-Boullón (60,55%).

O 15% dos votos conseguidos por AP en todo o municipio subiu ó 23% en Brión, seguido do 19% en San Salvador. Nas parroquias da zona alta non pasaron do 6%.

O CDS tamén tirou a súa maior porcentaxe de votos en Brión-Boullón (14,84%). Nas mesas da zona alta non pasou do 2%. En San Salvador e Ons só acadaron dous votos en cadansúa mesa.

A pesares de caer en día de traballo, non foi mala a porcentaxe de participación, (acercouse ó 60%), sobre de todo se temos en conta que os censos de votantes inclúen un número considerable de emigrantes (cerca do 25%) e todos sabemos as dificultades

ELECCIONS MUNICIPAIS 1979	VOTOS	CONCELLAIS
PARTIDO DOS TRABALLADORES DE GALICIA (P T G)	44	—
UNION DE CENTRO DEMOCRATICO (U C D)	912	5
COALICION DEMOCRATICA (C D)	168	1
BLOQUE NACIONAL-POPULAR GALEGO (B N - P G)	231	1
CANDIDATURA GALEGA INDEPENDIENTE (C G I)	938	6

ELECCIONS MUNICIPAIS 1983	VOTOS	CONCELLAIS
CANDIDATURA GALEGA INDEPENDIENTE (C G I)	2.414	11
ALIANZA POPULAR (A P)	632	2

que existen para exercer o voto por correo.

que a democracia hai que xogala con honestidade e respecto.

## BALANCE


Creemos que o remol que deixou o estrondo das eleccións na maior parte dos veciños, aparte da normal alegría dos trunfadores e da desilusión dos que perderon, foi de indignación pola violencia desatada por unha minoría. Os que queiran entrar de novos no noble arte da política teñen que comprender que o pobo é pacífico e

Outra cousa que deixaron claras estas eleccións é que, á hora de elixi-los seus representantes nos concellos (as eleccións xerais poden xa ser outra cousa) o electorado non entende de ideoloxías: posto a escoller entre dereitas e esquerdas, elixe "eficacia". Se os independentes reciben o voto maioritario por terceira vez é sen dúbida porque o elector entende que son os máis eficaces, que o seu labor de goberno sintoniza mellor cas necesidades da xente.

### ELECCIONS MUNICIPAIS 1987

MESAS	CENSO	VOTANT.	C. G. I.		A. P.		C. D. S.		BRANCO
			VOTOS	%	VOTOS	%	VOTOS	%	NULOS
Brión-Boullón	1.358	687	416	60,55	158	22,99	102	14,84	11
Os Anxeles	1.224	779	548	70,34	139	17,84	87	11,16	5
Bastavales	1.121	742	556	74,93	129	17,38	57	7,68	—
San Salvador	292	109	86	78,89	21	19,26	2	1,83	—
Luaña	516	349	313	89,68	20	5,73	13	3,72	3
Cornanda	273	184	162	88,04	8	4,35	10	5,43	4
Viceso	407	273	234	85,71	25	9,15	8	2,93	6
Ons	345	192	180	93,75	10	5,20	2	1,04	—
<b>TOTAIS</b>	<b>5.536</b>	<b>3.315</b>	<b>2.494</b>	<b>75,92</b>	<b>510</b>	<b>15,52</b>	<b>281</b>	<b>8,55</b>	<b>29</b>

## A DROGA: un perigoso risco para toda a xuventude



O alcohol foi sempre aceptado pola sociedade e favorecido pola publicidade que nos amosa xente satisfeita de si mesma, capaz de relacionarse cos demais gracias á copa que ten na man. O alcohol forma parte de case tódalas culturas e, se crea dependencia, convértese nun problema terrible.

**A**s drogas son sustancias químicas que crean unha dependencia máis ou menos forte en quen as consume. Moitas destas sustancias eran coñecidas xa na antigüidade e formaban parte das culturas dos pobos como é o caso do opio, usado en Oriente para curar enfermidades e en ritos máxicos.

Das drogas ben utilizadas, obtéñense tódolos calmantes contra a dor e unha gran cantidade de medicinas moi necesarias, pero que, usadas sen control, causan tamén un gran dano á humanidade.

Os motivos polos que se chega á droga poden ser moitos. A maioría dos "enganchados" empezan moi xóvenes a unha idade que é moi fácil deixarse nfluír polos demais. Empézase por un ifán de rebeldía e polo gusto de facer algo prohibido e así se chega ó primeiro contacto ca droga.

Alomenos un oitenta por cento dos delitos que se cometen no noso país contra as persoas e as propiedades son a consecuencia dos problemas derivados da droga. Como é lóxico, é nas grandes cidades onde máis porcentaxe de drogadictos hai.

No noso Concello afortunada-

mente a incidencia é pequena por estar alonxado dos grandes núcleos de poboación. De tódolos xeitos, algo deso hai. Basta dar unha volta polas salas de festa dos arredores. A maioría do que se consume é droga da chamada "blanda": marihuana e hachís, moito menos perigosas; a maioría dos que se adican a fumar "porros", non pasan de aí. Tamén é certo que a maior parte dos "heroinómanos" empezaron coa droga blanda, polo tanto de entrada calquera tipo de droga é un risco que é mellor non correr.

Empezar na droga é bastate fácil, pero saír, casi imposible. No caso da heroína, por exemplo, o corpo vaise habituando cada vez máis ata que cada vez necesita unha dose maior.

Non é soamente o efecto destrutivo que causa no organismo, senón tamén o terrible "síndrome de abstinencia" que produce unhas dores insuportables que fan que se busque desesperadamente unha dose diaria.

Moito máis nociva que a droga en sí, é a mestura utilizada para adulteralo peso con cousas como fariña, tiza, talco, ou incluso sustancias venenosas como a estricnina ou arsénico que añaden un alto risco de morte ó ser inxectadas por vía intravenosa.

Loitar contra o gran negocio da droga é moi difícil pola gran cantidade de cartos e poder que controlan as grandes mafias en todo o mundo. Na práctica é unha praga imposible de eliminar. O mellor para combatila é coñecer realmente o perigo que supón e así evitar caer nela.

Aparte de todas estas drogas das que tanto se fala hai outra que case ninguén considera como tal. Esta droga é o alcohol, capaz de facer perderlo control ós que o consumen e de arruinar moitas vidas no caso de sobrepassalo límite de resistencia que cada un ten hacia o alcohol.

O alcoholismo exténdese cada vez máis, notándose un aumento especial nas mulleres a consecuencia da insatisfacción e a falta de incentivos que sente moita xente na súa vida, sendo o noso país un dos que está á cabeza por este motivo.

Os efectos do alcoholismo son desastrosos. O alcohólico non é dono da súa vida; convértese nun títtere dominado pola súa dependencia. En realidade é un enfermo que necesita axuda.

A familia do alcohólico é a que máis sofre as consecuencias. En primeiro lugar, afecta á descendencia, polo que os fillos dos alcohólicos nacen con graves taras físicas e, sobre todo, psíquicas, podendo detectárelles un retraso mental máis ou menos profundo. Tamén xenera, en segundo lugar, un carácter violento no enfermo por alcoholismo dándose en moitos casos malos tratos á muller e ós fillos.

Nesta situación é difícil levar unha vida digna e normal. Os nenos viven nese ambiente opresivo privados do máis elemental porque tódolos ingresos vanse en alcohol, e onde, ademais, as palizas e as broncas son o pan de cada día. Desgraciadamente, isto é habitual no noso Concello.

Cando o problema xa está aí, é moi difícil librarse del. Diariamente chega a ALCOHOLICOS ANONIMOS —organismo privado creado para axudar ós bebedores afectados por problemas derivados do seu vicio— xente pedindo axuda para saír dese pozo sen fondo que é a dependencia do alcohol. Para non chegar a ese punto hai que saber controlar a súa inxestión, e non pasar do límite en que o alcohol se converte en tóxico.

Dora Mirás



# NOTICIEIRO

## Inauguración do campo de fútbol da parroquia de Ons



O pasado día 17 de abril inaugurouse o campo de fútbol de Ons, con un partido de fútbol entre o equipo da parroquia e unha selección formada con xogadores dos equipos da Liga do Tambre.

O acontecemento quixose facer solemne e foino, non só polo resultado do partido (Ons - 10, Selección - 4), senón pola animación que suscitou na parroquia: colocación dun monolito recordando a data, bendición das instalacións polo Sr. Cura e, ó remate, unha merenda

no Teleclub, na que se repetiu pouco menos que o milagre da multiplicación dos pans. No programa estaba prevista unha sardiñada, que fallou a última hora, resolvéndose a situación in extremis co entusiasmo de tódolos veciños que carrexaron tortillas a oito e máis pola xenerosidade do cocifeiro do Colexio de Brión e o panadeiro dos Anxeles, que, coa súa inestimable axuda, substituíron os peixes por empanadas. Mereraron 300 persoas e sobrou comida.

## Novos teléfonos públicos en Sa. Salvador, Bastavales, Ons e Luaña

O servizo telefónico, que, dada a dispersión da poboación no noso Concello representa un dos máis importantes instrumentos de modernización do medio rural galego, experimentou un extraordinario progreso no noso Concello nos últimos anos.

Na parroquia de San Salvador do noso Concello, a Compañía Telefónica acaba de poñer en funcionamento un novo teléfono público, que estará instalado no local Luis Romero Casal.

Ata hai sete anos, este municipio carecía de servizo automático e tiña no baixo da Casa do Concello instalada a

centralita de teléfonos que dispoñía tan só de cincuenta liñas con un único teléfono público en Bastavales.

Na actualidade están en servizo neste Concello os teléfonos públicos de Igrexa e Catro Ventos na parroquia de Luaña; Eparís, Villar e Mourantás, na parroquia de Viceso;

Era o terceiro campo de fútbol que se inauguraba en Ons: O primeiro fixérase nunha leira particular, en Porróns, alá polo ano 50. Máis tarde, a concentración parcelaria, deixou unha

masa común diante da escola, na que se disputou varios anos —a últimos dos anos 60 e primeiros dos 70— a Liga da Amistade, que tanto contribuíra a levar a cabo os obxectivos de hirmidade entre as parroquias.

No ano 1980 fíxose a primeira ampliación do Campo de Promeiral, co obxecto de xoga-la nacente Liga do Tambre, ata que, en 1985, iniciábase a definitiva ampliación. O Concello levou o peso das obras contribuíndo á adquisición dos terreos, desmonte e iluminación. Os veciños prestaron a súa colaboración económica e de man de obra: os tractores da parroquia carrexaron a terra para que a herba prendese; vellos, mozos e rapaces prepararon o terreo e sementóuselle herba; os mozos foron cerrando o recinto e acondicionándoo ata convertilo no mellor campo de xogo da Liga do Tambre.

Fonteparedes na parroquia de Ons; Tembrea na parroquia de Boullón; unha cabina pública na localidade de Brión e, finalmente, o da parroquia de Bastavales e o recentemente inaugurado na parroquia de San Salvador.

Dentro do Plan Básico de Telefónica, e con cárego enteiraamente a esta Compañía, encontráronse aprobados e pendentes de instalación, os de Salafío Grande, na parroquia de Ons, o de Vioxo de abaixo, na da Luaña e os de Osebe e Chave de Ponte, en Bastavales.

En poucos anos, o noso Concello, non só consegue a automatización de todo o servizo e unha notable ampliación dos teléfonos públicos, senón que, ademais, estase pendente da construción dunha nova central na parroquia de Bastavales con unha capacidade para 480 novas liñas, que supoñerá de entrada un maior incremento das solicitudes de abonados e un abaratamento grande do custo do enganche.

## Premiadas as agrupacións forestais de Ons e Viceso



O pasado día 14 de maio as agrupacións forestais de Manxoeira e Mirallos, de Ons e Viceso respectivamente, recibiron o premio Santiago, que concedeu por primeira vez a TVE en Galicia pra premia-las principais iniciativas que se están realizando na actualidade no terreo económico e cultural en Galicia.

O acto de entrega de premios realizábase no Hostal do Reis Católicos e foi transmitido polo programa rexional de TVE en directo e volveuno a sacar ó día seguinte. Teñen anunciada a súa reposición o día do Apóstolo dentro do programa especial do Día de Galicia.

Foi emocionante ver ós representantes destas agrupacións recibindo os seus trofeos en pé de igualdade coas figuras máis sobranceiras da ciencia e máis das artes de Galicia. Entre as premiadas estaban, ademais dos nosos paisanos: a Asociación Galega de Apicultura, representada por Suso Asorey, que impartira o curso de apicultura en Brión o inverno pasado, a Agrupación de Mariscadores de Muxía, a dona do Restaurante Vilas, de Santiago, a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística, o profesor Barreiro Fernández, da Universidade de Santiago, o debuxante Siro López, os escritores Alfredo Conde e Paco Martín, o deseñador de moda Adolfo Domínguez, o galeguista histórico recentemente falecido Valentín Paz Andrade e o grupo Milladoiro, do que forma parte o profesor da nosa Escola de Gaitas Pepe Ferreirós.

Noraboa ós premiados e que o seu exemplo prenda.

## ● Na operación primaveira

### Cerca de 20 Millóns de pesetas en obras



O Concello de Brión estivo a levar a cabo nestes últimos meses, coincidindo coa chegada do bo tempo na estación da primavera, na que se pode abordar mellor a realización de numerosas obras no exterior, un plan de obras con un importe aproximado ós vinte millóns de pesetas.

Neste plan de obras atópanse, a parte do bacheo e limpeza xeral de tódalas estradas polos desperfecos sufridos ó longo de todo o inverno, a ampliación da estrada de Curuxido ó límite do Concello de Rois e que conta dende hai anos cunha liña

regular de autobuses con Santiago, a ampliación da estrada que dá entrada ós autobuses do Colexio de Brión, que para a súa realización contou coa colaboración dos veciños propietarios que cederon voluntariamente seus terreos pra proceder ó levantamento total do firme para o

seu reforzamento; reparación das saídas de auga do adro da igrexa dos Anxeles; asfaltado da estrada de Lugariños a Nináns na parroquia da Luaña; reapertura dun camiño de servizos en Vioxo; apertura dunha pista dende Mourentáns ó novo grupo escolar de Viceso próximo a se construír e que se realizou enteiramente ca pala municipal e coa colaboración dos veciños cos seus tractores para o transporte.

Finalmente, dentro deste Plan de Primavera, abordarase a instalación de novos puntos de luz pública en Gundín, parroquia dos Anxeles, e na Telleira, parroquia de Bastavales, xuntamente con outras melloras deste servizo en tódalas parroquias.

O alumado do Tremo, na parroquia dos Anxeles que xa está contratado, ten prevista a súa execución, dentro deste Plan, pero está á espera do inicio das obras de construción de aceiras que se farán proximamente.

### Concerto de Emprego

Anque xeralmente o noso Concello ó longo do ano conquiría formalizar ata tres concertos co I.N.E.M., para dispoñer de obreiros do paro por un certo período de tempo, este ano é o primeiro que logra facer, e estará adicado, fundamentalmente a reparación e acondicionamento de fontes e lavadoiros públicos en tódalas parroquias.

Estes concertos co I.N.E.M., ó igual que outros anos, permiten contar ó noso Concello, durante os próximos catro meses con dez obreiros con cargo totalmente ó I.N.E.M. para facer pequenas obras en todo o municipio.

A rentabilidade destes concertos comprobada ó longo de varios anos, fai que ultimamente sexan moitos os Concellos que loitan por conquistar este tipo de contratos de obreiros. As eleccións municipais fixeron que moitos Concellos quixesen acudir a este tipo de concertos para poder presentar un maior volumen de obras ó remate da súa xestión, e fose tan grande a demanda que impediu que o noso Concello tardase tanto en acceder a un deles.

## Novos cursos do I.N.E.M.

O Instituto Nacional de Emprego sigue co seu programa de organización de cursos de formación profesional, nos que colaboran os concellos facilitando locais, propoñendo áreas de ensino, levando a xestión dos cursos, etc.

En Brión, nos últimos anos, intentouse con estes cursos ir dando capacitación profesional preferentemente en áreas relacionadas coa agricultura e intentando dar alternativas á gandería. Así, lévanse impartido cursos de viticultura e fructicultura, apicultura e invernadoiros. Organizáronse tres de tractoristas e máis un de albañil rural.

Para a próxima temporada, ademais de dous cursos de

tractoristas, cóntase con un e cultivos forestais, a traveso do que se pretende poñer en marcha un viveiro municipal de árbores e fontenta-la mellora da explotación dos montes.

Hai tamén programado un curso de confección industrial, no que se teñen postas moitas esperanzas de cara a creación de postos de traballo, pois nos últimos anos estanse creando cooperativas de confección con uns resultados extraordinariamente bos. Xa é visto que esto non vai funcionar só con impartilo curso, pero, con tando coa vontade das participantes, de aí podería saír unha cooperativa que lle dera traballo a trinta ou corenta mulleres. Veremos o que a idea dá de si.

## Adquisición dunha desbrozadora municipal

O noso Concello ven de remata-la formalización do contrato de compra dunha máquina desbrozadora para axudar á limpeza dos montes.

Esta máquina desbrozadora poñerase gratuitamente a disposición de tódolos veciños para que poidan levar a cabo a limpeza da maleza dos montes e axudar, deste xeito, a melloras explotacións forestais.

Esta máquina pasa a incorporarse ó amplo parque municipal, no que xa se conta cunha paleadora, varios vehículos, diversa maquinaria de desmonte:

A máquina desbrozadora que contribuirá en gran medida, facilitando a limpeza dos montes á erradicación dos incendios no noso Concello, que tantos prexucios causa a toda a

Comunidade Galega, foi solicitada polas asociacións de propietarios forestais recentemente constituídas nas parroquias de Ons e Viceso.

A compra, que inicialmente ascendía a 400 mil pesetas, verase reducida á metade, ó accede-lo noso Concello á súa exposición por parte da empresa vendedora na última feira agrícola da localidade pontevedresa de Silleda.

Esta máquina, de gran efectividade nas explotacións forestais modernas, engánchase no tractor —necesita unha potencia mínima de 50 cabalos— e vai limpando ó seu paso o chan nun ancho dun metro sesenta, de toda clase de ramaxes, toxos, prantas de sotobosque, ata arbustos de sete centímetros de grosor.



## O "292" en Boullón

Non é ningún número do cupón dos cegos, senón que é o número de identificación do grupo de Boy Scouts de Santiago de Compostela.

Pois ben, ¿que ten que ver este grupo de Boy Scouts "292" con Boullón?. Todo isto ten unha razón, é a seguinte:

No pasado mes de Abril chegou un día —un sábado pola mañá— unha "expedición" destes rapaces "Boy Scouts", a Boullón. Os rapaces desta "acampada", así é como lle chaman ás excursións que eles fan na búsqueda da tranquilidade e o contacto ca natureza, non pasaban nas súas idades de dez anos, e a eles chamábanlle os "LOBATOS".

Chegaron ata Tembra en varios coches e comezaron a face-la subida ó Cantelar, todos cargados con mochilas cheas de cantimploras, abrelatas, navallas, fiambreiras, vasos de lata ou de plástico, culleres, tixolas, linternas, brúxulas, sacos de dormir e tendas de campaña.

Tódolos cativos estaban moi ledos, posto que non chovía e eles viñan escapando do "stress" da cidade, despostos a

Os máis cativos costoulles un pouco o subir ata o campo da festa, que era onde un pouco máis tarde aproveitaron para face-la "acampada", posto que era o mellor sitio para a colocación das tendas de campa-

ña e para desenrola-los xogos que tiñan preparados. O campapasar un fin de semana cheo de xogos e aventuras de "LOBATERIA".

mento estaba ben situado, posto que seguía as normas de orientación dos Boy Scouts: 1º.- montalas tendas orientadas cara ó Norte; 2º.- ter monte cerca; 3º.- ter auga potable. Os "LOBATOS" xa estaban situados tras montar sete tendas de dobre

lona, de seis prazas cada unha, o que cubría un total de medio centenar de rapaces un pouco apretados par dormir, pero con ganas de coñece-lo que moitos de nós xa estamos fartos de ver, ou non sabemos apreciar.

Pero, seguindo ca organización do campamento, poderíamos ve-lo cuidado empregado por estes cativos á hora de prender "o lume do campamento", algo que é todo un símbolo, posto que o lume significa a presenza da lenda e a supervivencia no monte. Fixeron un

## Xente con moito valor

Pero, ¿quén leva todos estes rapaces un fin de semana ó monte?, isto é cousa de xente con moito valor, posto que ter baixo o seu mandato a cincuenta nenos de sete oito e nove anos, xa non é tan doado. Pois ben, esta xente que os leva ó monte son antigos "LOBATOS", que xa pasaron pola "MANADA", que así se chama o grupo de patrullas dos lobatos, tamén pasaron pola "tropa" —grupo de rapaces de doce anos ata os dezasete—, e pasaron polos "ROVERS" —esta é xente que traballa cos nenos e nenas da tropa—, e o seu último paso de ascenso foi o "KRALL". Aquí é onde se atopa a xente veterana, xente que está preparada para dirixir calquera rama dos Boy Scouts. Pero, volvendo á acampada en Boullón, os responsables que viñeron cos rapaces foron: Chicha, Luis, Ferrán e Bugallo. Este último, Xefe do Grupo Scout 292 —Santiago—, é persoa que directa ou indirectamente encóntrase relacionada co concello, posto que ten unha casa na Parroquia dos Anxeles.

burato e rodeárono de pedras para que non estropeara o arredor. Nuns intres xa tiñan recollidos varios mandos de leña; con elas os pequechos campistas prenderían o lume, onde se sentarían ó redor para escomenzar a lembrala lenda do "libro de la selva", e a contar contos de Galiza, falar do seu primeiro día na parroquia de San Miguel de Boullón e os seus primeiros contactos ca natureza da zona. Namentras os cartóns do leite, os coñecidos "tetra-brik", introducidos no lume quentan o leite do seu interior para depois os máis pequenos tomar —aínda estando no monte—, o seu "Cola-cao".

Xa para rematar teño que contarvos que o Domingo pola mañá o grupo de "LOBATOS", acampados o día anterior no campo da festa en Boullón, estaban formados, e cas tendas recollidas diante da igrexa do San Miguel, dispostos para escoita-la misa, posto que este grupo e tamén de consolidación cristiá. Ese día foi unha misa especial, encheuse a capela de rapaces ataviados con pantalón curto, sombreiros, botas de montañeiros, e como non, pañoleta distintiva do grupo...

Os rapaces aínda que pequechos, souberon escoita-la misa e as palabras de ánimo que lles deu o señor cura, as cales aludáronos moito, posto que mellor benvida ca que se lles brindou en Boullón, non a poderán esquecer en moito tempo.

## Promesa

Terminada xa a misa, cargaron as cousas nos coches dos pais, pero non se foron, posto que eles tiñan unha sorpresa para rematar esa acampada, os rapaciños novos do grupo ían face-la "PROMESA", especie de xuramento para seren admitidos no grupo.

Agora sí, xa rematado o protocolo da "PROMESA", colleron os seus bártulos e marcháronse de Boullón".

Saudaron ó señor cura, botaron a derradeira ollada para o que fora o seu campamento de dous días, e marcharon tan ledos coma viñeran. Eu aínda diría máis ledos do que viñeron, posto que prometeron voltar, e voltarán. Eu tamén fun Boy Scout.

## Excursións parroquiais do noso Concello *Por Correo*



Como tódolos anos, as parroquias do Concello organizan excursións de cara ó verán que xa está á volta da esquina. Polo xeral, trátase dun recorrido polas estupendas praias que temos en Galicia, pois, anque o noso Concello non está moi alonxado do mar, somos de "terra adentro".

Os que xa somos vellos acordámonos con ledicia do día da excursión, os autobuses ategados de raparigos acompañados do cura e cantando a grito pelado o mesmo repertorio de cancións de tódolos anos.

E ésta unha boa xornada de convivencia nun ambiente festivo que sirve para estreita-las relacións entre tódolos rapaces e tamén entre os maiores que os acompañan e que disfrutan

tanto deste día como eles, á vez que se aproveita para facer turismo e coñecer mellor esta nosa terra galega.

Os de Bastabales irán este ano pola zona de Vigo, unha zona industrial e moi poboada pero que, a pesar dos pesares, non perdeu a súa beleza natural, pasarán ademais unhas horas na praia de Samil —se o tempo o permite—. Isto será o día 4 de Xullo e está previsto levar tres autobuses.

Ademais haberá outra —esta vez máis ben para os maiores— a Covadonga en Asturias, esta terra irmá da nosa cultura, paisaxe e folclore; a estadia será de tres días en terra asturiana e será no mes de Agosto, sen data fixa polo de agora.

As outras parroquias aínda non teñen programa concreto para este verán, mais as que nunca fallan son Os Anxeles e Boullón, Luaña e Cornanda e Ons; Viceso, desde que veu o novo cura, tamén viaxa. Hai parroquias que nunca saen.

Feliz día para todos aqueles que se decidan ir de excursión. ¡E que non choval!

Temos oído moitas veces, que o pobo é sabio, e ó mesmo tempo o mellor xuíz, aínda que no noso sentido individualista, pensamos que hoxe en día isto non é certo, e que o pobo manipúlase hoxe como se queira, pero outeando dende eiquí, coído que non é tanto así como nos fan crer, xa que nós somos un pobo vello, e un pobo vello é un pobo sabio, pois non vale que nos provoquen con falsedades e calumnias, porque, ó ser vellos, tamén somos pacíficos, xa que somos vellos, e un vello reflexiona e cando fala é fonte de sabiduría.

Fago este introito referíndome, aínda que un pouco en abstracto, ás nosas eleccións (como xa vos daredes conta). E digo ben, nosas, porque son realmente nosas, xa que nos caen na casa e son un pouco íntimas e non como outras enquisas que facemos ó longo da vida democrática do País.

Cústame moito entrar no tema, xa que esta revista, dentro da súa humildade, fíxose co ánimo de ser un vehículo de cultura, e non quere referirme á campaña que fixeron algunhas candidaturas nestas eleccións, porque penso que foi sinxelamente anticultura. Pois non se podían ler algúns dos panfletos sen sentir rubor.

Non, señores, non. Non se pode facer iso, non se pode falar de facer escolas, e despois vir con eses exemplos; repitivos, o pobo é sabio.

Vivimos na luz e non na escuridade, polo que caben todas as ideas, e cabe expoñelas, pero sen aldraxes, os vossos dereitos acaban donde empezan os dos demais; non tedes dereito a metervos co honor dos demais, porque éste é patrimonio da alma e ésta é de Deus, e ninguén ten dereito a enlodalo.

A todos os que acadáchedes postos no goberno Municipal, quedavos agora a tarefa de arrimar o homebreiro e traballar, con homía de ben e transparencia na xestión, par o voso pobo, éste sábeo agradecer.

C.F.X.

## Obras nos adros das Igrexas de Bastavales e Os Anxeles

O Adro de Bastavales, para quen non o coñeza, ten dous niveis separados por un murallón de pedra, que vai subindo de altura formando unha serie de escalóns. Na parte baixa encónrase a igrexa, o cemiterio vello, o recinto do baile; e na parte alta está a Capela do Carme e a fonte do mesmo nome.

Hai uns anos, a comisión de estas de entón, decidiu facer un novo recinto de baile na parte alta, ó pe da capela, pero, debido ó desnivel que tiña o terreo soubo que soergue-lo nivel, quedando o murallón baixo para iguanta-la terra, polo que se fixo necesario darlle máis alto, o que

se conquiriu mediante un encofrado de cemento, que aínda así, non foi suficiente, pois quedaba á altura do recheo, e sendo o resto do murallón de cantería, o pedazo ampliado afeabao moito.

Esto quedou paliado coa obra que agora se fixo, e que consistiu en darlle máis alto, pero esta vez con pedra, rematando cunha pequena cornisa, tamén de pedra.

O tramo que se arreglou é o que vai desde onde comeza o murallón ata o cemiterio, que veñen sendo uns cincuenta metros.

O darlle máis alto atrancouse a entrada do palco da banda

da música, quedando agora pendiente por facer unhas escaleiras para poder entrar no mesmo.

No Adro dos Anxeles, debido a que se derrubou u pequeno pedazo do murallón que aguanta a terra da pista que vai á aldea de Piñeiro, tivose que volver a facer.

Tamén se colocaron uns sumidoiros antes da subida das escaleiras, e do lado de riba das mesmas, co fin de recolle-la auga da chuvia que o adro xunta.

Todas estas obras correrón a cargo do concello, que utilizou para facelos obreiros do paro.

## O Concello lémbrese do seu bardo: **EMILIO RODRIGUEZ MAGARIÑOS** no centenario do seu nacemento



**A**LTAMIRA quere render a través destas liñas unha pequena homenaxe ó mestre Magariños, co gallo de cumprirse neste ano o centenario do seu nacemento.

Naceu Magariños na aldea de Cabreiros, da Parroquia de Brión, no ano de 1.887 no seo dunha familia humilde e sen recursos. Os seus pais, Andrés e Vicenta, víronse na obriga de que o seu fillo, aínda neno, tivera que irse como outros milleiros de nenos galegos, á emigración.

Foi precisamente na Habana, onde desperta neste rapaz galego o seu espírito romántico e aventureiro. Coma tódolos galegos a morriña da Terra faille buscar compañía nos círculos frecuentados por outros paisanos que sentían soidades dos seus eidos patrios; e foi nesta época onde trabala coñecemento con Curros Enríquez, o gran maestro Chané, etc. Algo debeu de ver Chané naquel rapaz de Brión, e amosarlle os segredos da música e da composición, sendo axiña o discípulo predilecto do gran Mestre.

Este intre da súa vida foi de feito o máis fructífero da obra de Magariños, xa que nela compuxo as súas máis grandes e fermosas obras musicais, que, á súa volta a Brión, tiveron a ledicia de escoitalas, non en grandes salóns, senón nos lugares onde o pobo

escoita a música feita para o pobo, nas aldeas e nos camiños, ó son das bandas de música tamén do pobo, nas festas maiores.

Non fixo Magariños fortuna na emigración, xa que as súas inquedanzas musicais e o seu espírito aventureiro non lle permiten estar de cote nun traballo fixo e seguro.

Voltou á terra nos primeiros anos deste século e ó pouco formou a Banda de Música de Brión, que fixo e desfixo ó seu antollo en varias ocasións debido á súa anárquica forma de ser, pois cando lle petaba marchaba para a Habana deixándoo todo, e ós poucos anos voltaba e de novo formaba a banda de música. Outras veces marchábase a outras bandas, como a de Viceso da que foi Director aló polos anos vinte.

Así, unhas veces coa súa banda, logo con outras, ou ben cantando e tocando nas Misas de festa ou nos enterros ía transcurrido a vida do músico. Compoñía tamén música e vendíalla a unha casa de Santiago, hoxe desaparecida, po-lo que cobraba dereitos de autor, proba de que a súa música vendía. Deste xeito ía Magariños facendo os cartos imprescindibles para poder subsistir; os derradeiros anos da súa vida recordámolo vendendo as entradas no cine de Brión, ata que a vellez e a enfermidade o fixeron

abandonar. Finou en Santiago no asilo de Carretas hai uns doce anos.

A obra de Magariños coidamos que na súa maior parte é descoñecida, por diversos motivos: ben pola súa forma de ser ou por desaparece-la casa para a que él traballaba; da que se coñece e teñen datos está desperdigada. Dende aquí facemos un chamamento a familiares e amigos que poidan teren algún orixinal do mestre, fágano saber para poder fotocopiála e custodiála no lugar máis idóneo, que coido que sería na casa da Cultura de Brión próxima a inaugurar.

A mellor obra de Magariños é sen dúbida algunha Opera Galega, baseada na obra do gran poeta civil da nosa Terra: Curros Enríquez, A VIRXE DO CRISTAL, á que lle puxo música, e foi representada en Brión por aficionados hai moitos anos, pero que non desmereceu nada e tivo naquel tempo moito éxito, aínda que, debido ás carencias, non se poido dar máis a coñecer.

Cantos homes e mulleres da nosa bisbarra, hoxe abós, bailaron e namoraron ó compás da súa muiñeira "MEU AMOR", que aínda hoxe fainos levanta-los pés, ós que a oímos tocar nalgunha festa: e os que a escoitan por primeira vez quedan admirados da súa beleza.

Outras pezas fermosas que se coñecen son: A JOTA DOS BORRACHOS, AS DE LAMIÑO, e, como non, a adicada ós muiños (hoxe arruinados monumentos que vemos ó longo dos claros e murmuradeiros ríos, que tanto saben de verbas de namorar ditas ás mozas ó compás do monótono ritmo da tinxideira), O MUIÑO DO PORTELO.

Era tamén Magariños un gran arreglista, como demostran as partituras que se conservan na Igrexia de Brión, nas que cómpre destacar a "AVE MARIA" de Shunim, así como a "MISA A DOS VOCES" e "MISA DE DIFUNTOS" de M. Haller.

Venme eiqui á memoria unha estrofa dunha obra de Magariños, que hoxe aínda ten actualidade debido ó momento polo que pasan os campesiños Galegos

*Arriba labregos Galegos  
que a Aurora comenza a triunfar...  
Os triunfos dos nosos dereitos  
pasean no carro triunfal.*

## MARMOLES SUAREZ

- Granitos e mármoles
- Revestimento de fachadas
- Fabricación e colocación de toda clase de chanzos e peldaños

José Suárez  
Mourentáns - Viceso (Brión)  
Teléfono 89 99 51

Fanse presupostos sen compromiso

## COMERCIAL AGRICOLA DA MAHIA, S.L.

- Fertilizantes agroquímicos
- Desinfectantes, Deterxentes
- Sementes
- Materiais para instalación de granxas, invernadoiros
- Material para muxideiras mecánicas
- Motoserras PARTNER

Cruce dos Anxeles  
Teléfono 88 32 50

# PASATEMPOS

### CUADROGRAMA

#### VERTICAIS

- 1.— Lugar de competición.
- 2.— Cargamento de contrabando - Manifestar bo humor.
- 3.— Rótulo.
- 4.— Pérfido.
- 5.— Que cazan ou pescan ilegalmente.
- 6.— Dous en números románs - (Ó revés) Pertenceche - Que se foi.
- 7.— Persoa que coida os meniños - (O revés) Pouco espeso.
- 8.— Cociño con brasas - Astro pequeno - Sen compañía.

	1	2	3	4	5	6	7	8
1	□	□	□	□	□	□	□	□
2	□	□	□	□	□	□	□	□
3	□	□	□	□	□	□	□	□
4	□	□	□	□	□	□	□	□
5	□	□	□	□	□	□	□	□
6	□	□	□	□	□	□	□	□
7	□	□	□	□	□	□	□	□
8	□	□	□	□	□	□	□	□

#### HORIZONTAIS

- 1.— Vivenda primitiva.
- 2.— Expresión de gran alegría.
- 3.— Escritor.
- 4.— Prefixo - Ceremonia de culto.
- 5.— Sen compañía - Librouse de algo.
- 6.— Grupo de tres - Pequena poboación.
- 7.— Manifestar bo humor - Augas gaseadas.
- 8.— Argola - (Ó revés) Municipio da Coruña.

## SOPA DE LETRAS

Busca en tóda-las direccións posibles os nomes das parroquias do Concello.

O S T E O L I R A E C O  
T O E C A N I L C I A R  
O E R N O L L U O B T O  
P N I F I S A B R A L D  
A T S E C E N I N U C A  
V E O T A L T I A B A V  
I R T E M E F Ñ N I R L  
C I P R U X A R D L I A  
E M O L I N A I A T N S  
S E L A V A T S A B O N  
O R E N S S N O L A R A  
C O B R I O N T I Z A S

### PARA CAVILAR

Un famoso científico nuclear que traballaba nos Estados Unidos, foi secuestrado por unha banda internacional á saída dunha conferencia na cidade de Nova York. Para poder levalo sen problemas, os secuestradores durmiron ó sabio e, ó remate dunha longa viaxe, despertou nunha pequena habitación sen ventanas e coas portas pechadas. Na habitación había un pequeno lavado cun grifo de auga, onde foi a lava-la cara para tratar de despexa-la somnolencia que aínda tiña e, ó mesmo tempo, par cavilar onde se atopaba. Despois de lava-la cara, e ó ollar para o lavado, exclamou: "Demos do homes. Trouxéronme ata o hemisterio Sur...".

¿Cómo acertou o sabio onde se atopaba?

### SOLUCIÓNS ÓS ANTERIORES PASATEMPOS

A resposta do explorador é a seguinte: "Esnaquizarédesme vivo e despois comerédesme". Os negros canibales non lle poden facer nada pois o que di o explorador é verdade ou mentira dependendo do que lle vaian facer. Se o esnaquizan, o explorador di a verdade e entón deberíano esganar. Se o queren esganar, entón o que dixó o explorador é mentira e deberíano esnaquizar. Créase deste xeito un dilema que non ten solución.

	1	2	3	4	5	6	7	8
1	C	H	U	V	I	S	C	A
2	A	E	R	O	N	A	V	E
3	L	L	E	R	G	A	S	R
4	M	E	T	A	O	V	O	O
5	A	N	E	X	A	E	L	P
6	N	O	R	I	A	U	E	A
7	T	R	E	N	U	R	U	G
8	E	I	S	E	N	A	D	O



SANTIAGO DE CHILE, 21 - TELEFONO 59 92 12  
**SANTIAGO DE COMPOSTELA**  
MONTAJES ELECTRICOS

MONTAJES DE ALTA E BAIXA TENSION  
ESTUDIOS, PROXECTOS E PRESUPOSTOS  
CONSERVACIONES, REPARACIONES  
E MANTENEMENTOS ELECTRICOS

## Construccions

### FRAGA

Obras de Albañilería en xeral  
BRION

## PIÑEIRO

ARMADURAS METALICAS  
CERRAJERIA ARTISTICA  
*Fernando Piñeiro Dopazo*  
Distribuidor de automatismos  
CAME

TELEFONO 88 30 61

BERTAMIRANS-AMES



*Carpintería - Mobles - Electrodomésticos*  
Tel. 88 33 33 - **BASTAVALES BRION**  
SANTIAGO DE COMPOSTELA



PANADERIA

## SERRAMITO

*Os Anxeles-Brion*  
Tel. 88 31 55



ASOCIACION CIVIL  
AMIGOS DE SANTIAGO

## Restaurante "O' FUMEIRO"

CARACAS - Venezuela

(Concesionario: Juan Fresco Fernández)

PINTURA \* DECORACION

## SANTIAGO OTERO

**TODO EN DROGUERIA** PAVIMENTOS - MOQUETAS  
PAPELES - MURALES  
CORCHO, ETC.

Rosalía de Castro, 14 - bajo  
Teléfonos 563713 - 594449

SANTIAGO



## Pirotecnia "LOPEZ"

Teléfono 88 32 83  
LOS ANGELES

SANTIAGO

## AUTOS PORTAS

LOS ANGELES-BRION (La Coruña)

Teléfono 88 32 10  
SERVICIO OFICIAL

SEAT



## Ferretería CASAL, S.L.

Materiais de Construcción-Fontanería-Material eléctrico

Sanitarios - Abonos químicos

Axencia URALITA - Pinturas TITANLUX

Transportes e Sección Calzados

BASTAVALES - SANTIAGO

## Mesón - Parrillada

### A' Roda

Hospedaje

NOSA ESPECIALIDADE E A CALIDADE

- Parrillada de pescado
- Bacalao á brasa
- Chocos con cachelos
- A cazola
- Coma sempre, chuletóns e carne á brasa
- Viños a elixir

Rodríguez de Viguri, 7  
Teléfono 58 70 50 SANTIAGO DE COMPOSTELA



LA VASCO  
NAVARRA

SOCIEDAD ANONIMA ESPAÑOLA DE SEGUROS Y REASEGUROS

AXENTE: PABLO OURO ALVAREZ

RUA DO VILAR, 31-1º  
TELEFONO: 58 48 91  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

## ARTE EN PEDRA



Tfno. 811704

CRUCEIROS  
HORREOS  
ESCUDOS  
CHEMINEAS  
FONTES  
BANCOS  
ESCULTURAS

## FERRETERIA "SANTA MINIA"

Teléfono 88 30 10

**José Caramés**  
*Brion (Santa Minia)*

Materiais para Construcción e Saneamento,  
Abonos, Pinturas, Esmaltes, Loza, Cristal,  
Droguería, Papelería, Obxetos de Escritorio,  
Traidas de Auga, etc.

AG

- Carpintería aluminio
- Cristalería
- Persianas
- Cristales viselados
- Galerías

**Hnos. GENDRA**

Fábrica y Oficinas:  
BASTAVALES

SANTIAGO

## EGOSA

ASFALTOS Y CONSTRUCCIONES, S.A.

OBRAS PUBLICAS  
FIRMES ESPECIALES

FORMARIS, S/N  
Tº 981-888006 - APTº 1057

SANTIAGO DE COMPOSTELA